

A principios do século XX a curación das enfermidades tuberculosas atribuíase non tanto á ciencia como á acción benfeitora da natureza, de modo que a plantación de árbores nos terreos circundantes dos sanatorios, e a elección das especies arbustivas máis axeitadas, constituían un labor de grande importancia estratéxica. Tendo en conta a énfase posta na salubridade destes centros, tanto a práctica da súa construción, como a lexislación sanitaria, esixían a creación dun parque onde os enfermos puidesen pasear e exercitarse ao aire libre. Desta forma, o Sanatorio de Oza poboouse principalmente de especies resinosas como piñeiros e eucaliptos, dada a súa idoneidade cos terreos e por asegurar a purificación do aire grazas á función clorofílica das follas. Ademais, na súa concepción, abríronse explanadas á baía onde os rapaces gozaban en cómodas randeiras e cadeiras de lona da terapia do repouso, o sol e a aireación, factores considerados clave para a súa curación. Neste sentido, un dos espazos máis importantes era o chamado “pulmón” do Sanatorio, unha explanada de 400 m² existente na antiga batería inferior que, elevada sobre o nivel do mar e pechada por un enreixado, era o lugar preferido para os xogos dos rapaces; non obstante, o proxecto de construción do Faro de Oza ocupou estes terreos a partir de 1912.

O encargado de deseñar estes espazos no Sanatorio foi o arquitecto Pedro Mariño, quen realizou un proxecto rigoroso, constituíndo un dos poucos exemplos de xardíns sanitarios coñecidos en Europa e manténdose a súa traza practicamente invariable ata hoxe en día. Previamente foi necesario concluír a obra de peche do perímetro dos terreos, quedando incorporados 6000 m² que se engadiron aos 7500 do primitivo recinto do lazareto. Pola súa banda, o arquitecto Antonio Alcaide deseñou a entrada ao Sanatorio, cun proxecto que propoñía dous piares con molduras debedoras do modernismo, hoxe visibles, rematadas por sendas cruces de Lorena (símbolo da loita contra a tuberculose) e un arco escarzano presidido polo escudo nacional, o rótulo “Sanatorio Marítimo Nacional de Oza” e un remate graduado con dous farois de fundición e tulipas de cristal nos extremos.

A plantación de especies arbóreas fíxose de acordo co plan xa elaborado en 1909 en que se recollían as seguintes variedades: plátanos, acacias, eucaliptos, piñeiros, tuías, plantas de romeu e cavaduras para outros arbustos do tipo *úlex*, como xestas e toxos. A intención era crear, coas especies resinosas e coníferas e mais os arbustos aromáticos, unha barreira entre os pavillóns e o muro exterior, evitando xerar un ambiente excesivamente húmido e sombrío. Debido a problemas no orzamento, houbo que recorrer á colaboración da Sociedade de Amigos das Árbores; os traballos, supostamente, foron dirixidos por Fernando Fontaine, director dos Xardíns de Méndez Núñez naqueles anos. Os carreiros salvaban o desnivel ata chegar ao camiño da praia, en cuxas inmediacións o arboredo chegou incluso a rodear a vella capela románica e o seu camposanto. Aínda que se previu incluír accesorios e mobiliario habituais nos parques urbanos de finais do século XIX, só se realizou un estanque circular de mármore cun artístico surtidor situado no manancial natural existente e un miradoiro con lousado de granito e balaustrada prefabricada rematada con dous vasos moldeados. Tamén se incorporou a estatua clásica do Espinario e, como homenaxe ao Dr. Martín Salazar, o monumento co seu busto sobre un pedestal feito polo escultor Francisco Asorey en 1923, que aínda se mantén no seu lugar orixinal.

Nos anos vinte, nas fotografías da época pódese ver o crecemento que alcanzara a vexetación do parque e o aspecto dos ben coidados xardíns. Nalgunha imaxe apréciase a presenza de especies exóticas como palmeiras e iucas, así como tamén camelias e un cedro próximo á porta principal de probable existencia anterior á do Sanatorio dado o seu tamaño. Moitas destas árbores permaneceron durante décadas vixiantes da transformación sufrida no seu contorno. Ao final e de xeito inmisericorde, os actos vandálicos, as remodelacións, os temporais e, en definitiva, o esquecemento, fixeron que os xardíns do antigo Sanatorio de Oza nunca volverán a ser o que foron.